

O 10 de abril de 1220 a itinerancia do monarca Afonso IX de León —fillo do rei Fernando II de León e da infanta Urraca Afonso de Portugal— detíñase no val do río d'Ouro onde, de común acordo co bispo Martiño de Mondoñedo, outorgaba o foro de Benavente aos poboadores de *Ourio*, sementándose así o inzo que acabará xermolando na vila de *Castro de Aurio*,¹ a cal vén de conmemorar os seus oitocentos anos de traxectoria histórica.

Neste acontecemento de semántica glocal confluíron elementos conformadores da realidade local —asociados cronoculturalmente ao asentamento protohistórico do Castro d'Ouro ou á entidade protourbana de *Villanoua de Aurio*—² e global —vinculados ao conxunto de circunstancias que, na súa combinación sinerxética, se manifestaron no establecemento e desenvolvemento do fenómeno urbano na coroa castelá-leonesa—. Dado que a primeira parte deste argumento será o obxecto razoado das eruditas achegas de Abel Vigo García, Aurelia Balseiro García, Carlos Andrés González Paz, María Dolores Barral Rivadulla e Pegerto Saavedra Fernández, esta contribución centrarase sinteticamente na segunda banda da afirmación, é dicir, no acercamento ao mundo urbano medieval no ámbito territorial específico da Mariña de Lugo.

Se ben desde a óptica do medievalismo galego, esta liña de investigación segue amosándose deficitaria,³ evidenciándose a ausencia de perspectivas globaliza-

¹ Enrique CAL PARDO (ed.), *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999, doc. 38, páx. 60. Sobre o carácter itinerante da corte afonsina, véxase: Gregoria CAVERO DOMÍNGUEZ, «Alfonso IX de León y el *iter* de su corte (1188-1230)», *e-Spania* [revista electrónica], 8 (18 de decembro de 2009), dispoñible en <<http://journals.openedition.org/e-spania/18626>> [Consulta: 05 de febreiro de 2022].

² Irene RUIZ ALBI (ed.), *La reina doña Urraca (1109-1126): cancellería y colección diplomática*, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», Caja España de Inversiones e Archivo Histórico Diocesano de León, 2003, doc. 27, páxs. 397-398.

³ Véxanse os exames evolutivos da historiografía centrada no mundo urbano medieval de: Elisa FERREIRA PRIEGUE, «El poblamiento urbano en la Galicia medieval», en Jesús Ángel Solórzano Telechea e Beatriz Arizaga Bolumburu (coords.), *El fenómeno urbano medieval entre el Cantábrico y el Duero*:

doras,⁴ no caso mariñao esta tendencia ráchase sensiblemente grazas aos achegamentos de historiadores como Fernando López Alsina —coa súa análise maxistral dos conglomerados primarios de Vilamaior de Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro—⁵ ou, máis recentemente, Carlos Andrés González Paz, quen non só asume a actualización e ampliación factible dos coñecementos dispoñibles sobre os enclaves mindoniense, ribadense e viveirense, senón que aborda unha heteróclita nómina de aglomerados secundarios,⁶ como a vila do Castro d'Ouro, cuxo rumbo urbano se foi malogrando desde comezos do século XIV.⁷

Aínda que os ingredientes constituíntes do caldo de cultivo cooperador, dinamizador e favorecedor da aparición e expansión do proceso urbanizador nas terras da Mariña de Lugo resultan de variada natureza, sobresairían, en primeiro lugar, o crecemento demográfico e a expansión socioeconómica acontecidos no medio rural mariñao ao longo dos séculos XII e XIII. Os testemuños de ámbolos dous fenómenos son múltiples, destacándose nesta ocasión un documento excepcional, que conta cunha dobre lectura, cuantitativa e cualitativa. Trátase da avinza asinada o 10 de xullo de 1124 entre o bispo Munio Afonso —último titular da sé dumienense-mindoniense de San Martiño de Mondoñedo (Foz, Lugo)— e o conde Rodrigo Velaz —actuante como representante rexio—, que implicaba a distribución tributaria, recadadora, de oitenta e seis freguesías, máis dezasete ermidas, localizadas *a flumine Euuo usque ad flumen Saurium*, é dicir, desde o río Eo no levante ao río Sor no poñente.⁸

revisión historiográfica y propuestas de estudio, Santander, Asociación de Jóvenes Historiadores de Cantabria, 2002, páxs. 367-420; Juan Ignacio RUIZ DE LA PEÑA SOLAR, «Ciudades y sociedades urbanas en la España medieval, siglos XIII-XV», en *Las sociedades urbanas en la España medieval*. (Actas de la XXIX Semana de Estudios Medievales), Pamplona, Gobierno de Navarra, Institución Príncipe de Viana, 2003, páxs. 17-49, ou Álvaro SOLANO FERNÁNDEZ-SORDO, «Historia urbana en la Galicia medieval: balance y perspectivas», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 57/123 (2010), páxs. 55-90.

⁴ Entre os contados intentos de sínteses, salientaría: Anselmo LÓPEZ CARREIRA, *A cidade medieval galega*, Vigo, A Nosa Terra, 1999.

⁵ Fernando LÓPEZ ALSINA, *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela, 1976.

⁶ Neste sentido, como afirmou López Alsina, o «proceso de creación y desenvolvemento de los núcleos urbanos en la época medieval presenta una variada gama de alternativas que conducen como resultado al establecimiento de tipologías urbanas diversas». LÓPEZ ALSINA, *Introducción al fenómeno urbano*, pág. 15. Véxase, como exemplo, Carlos BALIÑAS PÉREZ e Carlos Andrés GONZÁLEZ PAZ, «Del castro al puerto: la villa de Burela y los orígenes del poblamiento medieval del litoral cantábrico gallego», *En la España Medieval*, 40 (2017), páxs. 375-407.

⁷ Carlos Andrés GONZÁLEZ PAZ, *O bispado de Mondoñedo na Idade Media: territorio, comunidade e poder*, 2 vols., vol. 2, Santiago de Compostela, Editorial CSIC, 2020, páxs. 800-808.

⁸ CAL PARDO, *Colección diplomática medieval*, doc. 11, páxs. 24-27, coa cita na pág. 25.

En segundo lugar, o traslado do centro de poder da sé episcopal mindoniense desde o litoral cantábrico —ou sexa, de San Martiño de Mondoñedo—⁹ até a seguranza do val do río Brea —é dicir, a Valibria, é dicir, a Vilamaior de Mondoñedo—. ¹⁰ Esta mudanza implicaba, por un lado, que a densamente ocupada franxa costeira mariñá non só se mantivese sen un punto de referencia institucional, senón tamén económico e social, ata o establecemento dos núcleos urbanos ribadense e viveirense entre o derradeiro cuarto do século XII e o primeiro cuarto do século XIII e, polo outro lado, o estancamento de San Martiño de Mondoñedo ao redor dun «locus» eclesiástico transformado en comunidade monástica de cóngos regulares de Santo Agostiño e en residencia ocasional dos prelados mindonienses.¹¹

En terceiro lugar, a implicación real dos monarcas Afonso VII de Castela [Vilamaior de Mondoñedo], Fernando II de León [Ribadeo] e Afonso IX de León [Castro d'Ouro e Viveiro] na implementación do fenómeno urbano como instrumento de inserción económica, política e social nunha escena altamente señorializada. Nas primeiras liñas do convenio subscrito entre o bispo dumiense-mindoniense e o delegado rexio no ano 1124 sublíñase, claramente, que *familie et gentes terrarum erant plures de illa sede et paucissime de regalengo*.¹² Esta escasa presenza reguenga tentará ser mitigada, nunha etapa expansiva, a través da potenciación do establecemento de cidade, burgo e vilas dotados cun carácter administrativo e xurídico diferente ao común do medio de instalación e desenvolvemento. Nesta dinámica, o solio rexio contará —nunha gradación dependente de espazos, tempos e situacións— ben coa colaboración explícita, ben coa complicidade implícita e necesaria do señorío episcopal mindoniense, pero tamén coa súa oposición, como consecuencia de conxunturas que minaban a base da organización do poder e a ordenación establecida do territorio de referencia.¹³

⁹ Véxase, Carlos BALIÑAS PÉREZ e Carlos Andrés GONZÁLEZ PAZ, «De Mailloc a San Rosendo: as orixes da sé mindoniense», en José Miguel Andrade Cernadas, Manuel Antonio Castiñeiras González e Francisco Singul Lorenzo (coords.), *Rudesindus: a terra e o templo*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, 2007, páxs. 30-51.

¹⁰ GONZÁLEZ PAZ, *O bispado de Mondoñedo na Idade Media*, vol. 2, páxs. 697-720.

¹¹ GONZÁLEZ PAZ, *O bispado de Mondoñedo na Idade Media*, vol. 2, páxs. 1008-1015.

¹² CAL PARDO, *Colección diplomática medieval*, doc. 11, pág. 25.

¹³ A oposición de sectores da nobreza territorial ou de determinadas institucións eclesiásticas á implantación local do fenómeno urbano non se esgotou no século XII. Ao contrario, durante o reinado de Afonso X de Castela transformouse nun elemento recorrente, interpretándose como agravio, inxerencia e menoscabo do seu poder en amplas áreas da xeografía rexional galaica. Así se constata na asemblea celebrada en Burgos en 1272 onde, segundo consta na crónica atribuída a Fernán Sánchez de Valladolid, «los rricos omnes fijos dalgo del reino de Leon et de Galizia» denunciaron «que se agraujauan mucho por las pueblas que el rey fázia en algunas tierras del reino de Leon et de Galizia ca dezjan que por esto perdian lo que aujan», replicando o monarca «que el non mandaria fazer puebla en heredad ajena et que faziendolo el en lo suyo que non desaforaua a njnguno et pues lo aujan por agraujo que lo

En último lugar, a minimización do factor cisterciense, sen que poda asegurarse categoricamente que nas terras mariñás «la ordenación del espacio rural y la canalización de sus excedentes llevada a cabo por los monasterios, es un factor decisivo en la difusión generalizada de la urbanización».¹⁴ A ausencia de asentamentos directos destas comunidades monásticas no conxunto do territorio diocesano matizaría este hipotético impacto na instauración e expansión do fenómeno urbano. Certamente, a presenza patrimonial do mosteiro de Santa María de Meira na vila de Viveiro resulta testemuñal e será a norma xeralmente aplicable, vindo determinada a excepción polas súas prerrogativas económicas, finalmente redimidas, na área portuaria ribadense.¹⁵

A conxunción destas circunstancias xerou un escenario favorable, receptivo, á introdución e ao florecemento do fenómeno urbano nas terras da Mariña de Lugo, edificado sobre un substrato orgánico preexistente nun medio rural no que estas novas realidades non se integran de forma disruptiva, senón interactuante e retroalimentada. Neste sentido, á altura da segunda metade do século XIII, a paisaxe urbana mariñá está completa, mostrándose unha instantánea heteroxénea de conglomerados costeiros e interiores, que se estenden polo conxunto da comarca, constituíndose en instrumentos de vertebración de grandes áreas territoriais, das principais rías cantábricas [Ribadeo e Viveiro], que actúan de cordón umbilical entre os medios terrestre e mariño, de pasarela entre as esferas física e antropoxenética, e dos vales fluviais máis destacados, con Vilamaior de Mondoñedo e Vilanova de Lourenzá na bacía do río Masma e coa vila do Castro d'Ouro, verdadeira protagonista deste estudo multidisciplinario, na cunca do río d'Ouro.¹⁶

pornja en mano de caualleros fijos dalgo et de villa et clerigos et si fallasen que los otros reyes non las fizieran et el non las podia fazer que las desfaria». Fernán SÁNCHEZ DE VALLADOLID, *Crónica de Alfonso X*, Madrid, Biblioteca Nacional de España, Fondo Antiguo, Manuscritos, MSS. 829, fols. 21v-22r.

¹⁴ María del Carmen PALLARES MÉNDEZ, «Sistema feudal y proceso de urbanización, algunas reflexiones a propósito del caso gallego en los siglos XII y XIII», en *Jubilatio: homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, 2 vols., vol. 1, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1987, páxs. 95-105, coa cita na pág. 102. Así mesmo, Ermelindo PORTELA SILVA, *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1981, páxs. 114-116.

¹⁵ Véxase, María de las Mercedes DOMÍNGUEZ CASAL (ed.), *El monasterio de Santa María de Meira y su colección diplomática*, Madrid, Universidad Central de Madrid, 1952, doc. 16, páxs. 13-14 e doc. 161, pág. 114.

¹⁶ Fernando LÓPEZ ALSINA, «La repoblación urbana costera del norte peninsular», en Juan Ignacio Ruiz de la Peña Solar, María Josefa Sanz Fuentes e Miguel Calleja Puerta (coords.), *Los fueros de Avilés y su época*, Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, 2012, páxs. 131-232.

[A].– FONTES

[A].– CRONÍSTICAS E DOCUMENTAIS

- Cal Pardo, Enrique, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999.
- Domínguez Casal, María de las Mercedes, *El monasterio de Santa María de Meira y su colección diplomática*, Madrid, Universidad Central de Madrid, 1952. [Tese de doutoramento].
- Ruiz Albi, Irene, *La reina doña Urraca (1109-1126): cancellería y colección diplomática*, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», Caja España de Inversiones e Archivo Histórico Diocesano de León, 2003.
- Sánchez de Valladolid, Fernán, *Crónica de Alfonso X*, Madrid, Biblioteca Nacional de España, Fondo Antiguo, Manuscritos, MSS. 829, fols. 21v-22r.

[B].– BIBLIOGRÁFICAS

- Baliñas Pérez, Carlos e Carlos Andrés González Paz, «De Mailloc a San Rosendo: as orixes da sé mindoniense», en José Miguel Andrade Cernadas, Manuel Antonio Castiñeiras González e Francisco Singul Lorenzo (coords.), *Rudesindus: a terra e o templo*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, 2007, páxs. 30-51.
- Baliñas Pérez, Carlos e Carlos Andrés González Paz, «Del castro al puerto: la villa de Burela y los orígenes del poblamiento medieval del litoral cantábrico gallego», *En la España Medieval*, 40 (2017), páxs. 375-407.
- Cavero Domínguez, Gregoria, «Alfonso IX de León y el iter de su corte (1188-1230)», *e-Spania* [revista electrónica], 8 (18 de decembro de 2009), dispoñible en <<http://journals.openedition.org/e-spania/18626>> [Consulta: 05 de febreiro de 2022].
- Ferreira Priegue, Elisa, «El poblamiento urbano en la Galicia medieval», en Jesús Ángel Solórzano Telechea e Beatriz Arízaga Bolumburu (coords.), *El fenómeno urbano medieval entre el Cantábrico y el Duero: revisión historiográfica y propuestas de estudio*, Santander, Asociación de Jóvenes Historiadores de Cantabria, 2002, páxs. 367-420.
- González Paz, Carlos Andrés, *O bispado de Mondoñedo na Idade Media: territorio, comunidade e poder*, 2 vols., Santiago de Compostela, Editorial CSIC, 2020.
- López Alsina, Fernando, *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela, 1976.
- López Alsina, Fernando, «La repoblación urbana costera del norte peninsular», en Juan Ignacio Ruiz de la Peña Solar, María Josefa Sanz Fuentes e Miguel Calleja Puerta (coords.), *Los fueros de Avilés y su época*, Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, 2012, páxs. 131-232.
- López Carreira, Anselmo, *A cidade medieval galega*, Vigo, A Nosa Terra, 1999.

- Pallares Méndez, María del Carmen, «Sistema feudal y proceso de urbanización, algunas reflexiones a propósito del caso gallego en los siglos XII y XIII», en *Jubilatio: homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, 2 vols., vol. 1, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1987, páxs. 95-105.
- Portela Silva, Ermelindo, *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1981.
- Ruiz de la Peña Solar, Juan Ignacio, «Ciudades y sociedades urbanas en la España medieval, siglos XIII-XV», en *Las sociedades urbanas en la España medieval*. (Actas de la XXIX Semana de Estudios Medievales), Pamplona, Gobierno de Navarra, Institución Príncipe de Viana, 2003, páxs. 17-49.
- Solano Fernández-Sordo, Álvaro, «Historia urbana en la Galicia medieval: balance y perspectivas», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 57/123 (2010), páxs. 55-90.